

## En Santiago de Compostela con Mary O'Donnell<sup>1</sup>

Manuela Palacios

I can think of no other reason to write poems than that the world  
—brutalised yet still intricate and beautiful— moves me to want to speak back to  
it in words, that they are my light burden, my alchemist's bag, usually open<sup>2</sup>.

Mary O'Donnell, escritora irlandesa, cultiva a poesía, a novela e os relatos curtos. A súa primeira novela *The Light Makers* foi seleccionada polo *Sunday Tribune* como a mellor novela de 1992. Dende entón publicou as novelas *Virgin and the Boy* (1996) e *The Elysium Testament* (1999). Até o momento saíron publicados cinco poemarios, sendo o máis recente *The Place of Miracles* (2005) —poemas novos xunto cunha escolma de poemas de libros anteriores. A súa segunda colección de contos *Storm over Belfast* vén de ser publicada en maio de 2008. Colabora como asesora de poesía co profesorado de Creación Literaria do Máster de Carlow University en Pittsburgh. Así mesmo, interveu no xurado do Impac International Book Award de Dublín en 2006 e é membro da academia irlandesa das artes Aosdána. Escribiu crítica teatral para o *Sunday Tribune* e colabora con RTÉ Radio onde presentou unha serie de programas “Crossing the Lines” sobre a tradución da poesía europea. Para máis información pódese consultar a páxina [www.maryodonnell.com](http://www.maryodonnell.com).

143

<sup>1</sup> Entrevista realizada e traducida por Manuela Palacios no marco das actividades do proxecto de investigación “Poesía e xénero: poetas irlandesas e galegas contemporáneas”, financiado polo Ministerio de Educación e Ciencia (HUM2005-04897/FILO) que contou igualmente coa axuda da Xunta de Galicia PGIDIT06PXIC204071PN.

<sup>2</sup> “Non se me ocorre ningunha outra razón para escribir poemas máis que o mundo —brutalizado e á vez complexo e fermoso— me empuxa a contestarlle con palabras, que son o meu fardo lixeiro, a miña bolsa de alquimista, adoito aberta”. Mary O’ Donnell. 2005. “Introduction”, en *The Place of Miracles*. Dublín: New Island, p. XIII.

**M.P.** *En Irlanda, o mundo da cultura sufriu durante moito tempo as consecuencias das divisións sociais e políticas (norte contra sur, unionismo contra nacionalismo, protestantismo contra catolicismo) e, se cadra, esa mesma cultura perpetuou algunhas destas divisións. No comezo xa do século XXI, pensa que esta situación mudou? Esas vellos divisións están aínda a xerar conflitos no eido cultural? Hai acaso novos conflitos no lugar dos vellos?*

**M.O'D.** Malia a nosa cultura ter sufrido, sen lugar a dúbidas, as consecuencias das divisións sociais e políticas, tamén ten producido excelente obra artística como resultado desas mesmas divisións. En certo modo, termos algo ao que nos opoñer coa nosa escrita (como no caso do teatro de Tom McIntyre ou Tom Murphy, ou ben no da poesía de Paula Meehan hai unha década, ou dos contos de moitos dos nosos narradores dende Ita Daly até Claire Keegan) implica que o mundo que concibe o escritor teña que ser renovado e reinventado continuamente. O efecto é osmótico e, na miña opinión, contribúe gradualmente a erosionar os excesos de opresión, silencio, abuso e desigualdade que tanto teñen afectado á cultura, aínda que ás veces se pense na creación artística meramente como algo bo pero fútil.

144

Irlanda do Norte mudou moito dende o Acordo de Belfast (tamén coñecido como o Acordo de Venres Santo) o 10 de abril de 1998. Malia perduraren algúns dos vellos desencontros, son en xeral menos violentos e máis illados. O clima en Irlanda do Norte é agora de optimismo e desenvolvemento. Por primeira vez sintome segura ao me presentar como “irlandesa republicana”, pois esta etiqueta xa non supón a descualificación doutrora. Antes, ser republicano significaba pertencer ou simpatizar co IRA, ao que eu me opuxen rotundamente. Cando o noso anterior Primeiro Ministro Bertie Ahern organizou unha marcha nacional pola rúa O’Connell para conmemorar o nonaxésimo aniversario do Alzamento de Semana Santa (1916), moita xente amosouse nun principio ambivalente. Pero en realidade o simple feito de permitir un desfile nacional para sinalar o momento no que tentamos desfacernos do vello colonizador, catalizou as aspiracións da xente. De certo que me sorprende cando o vin. Por primeira vez na miña vida, podo imaxinar como sería se as dúas partes de Irlanda se reunificasen. Penso que ocorrerá, como mínimo, nos próximos trinta anos. Se o conseguiron os alemáns (e era ben difícil) por que non imos conseguilo nós?

**M.P.** *Hai hoxe en día unha comunicación fluída entre a literatura en irlandés e a escrita en inglés? Os escritores dos dous sistemas literarios lense e inflúense entre si?*

*Organizan actividades conxuntas? Ou, pola contra, son os dous grupos relativamente independentes, ou mesmo mutuamente hostís?*

**M.O'D.** No tocante á literatura en irlandés e en inglés, hai un certo grao de influencia mutua entre os poetas. Aqueles de nós que non dominamos perfectamente o irlandés lemos a obra de escritores como Ní Dhomhnaill, O'Duill e O'Searcaigh en inglés, e no caso de Bidy Jenkinson en francés. Poderíase dar por sentado que, como o inglés é a lingua dominante, os escritores irlandeses escóllena de xeito automático, pero os que optan polo irlandés non concordarán. Finalmente, o que importa é que comprendamos a conexión mutua, tanto se escribimos nunha lingua coma na outra. A realidade, con todo, é que non sempre sentimos esa relación por mor dos prexuízos e do fanatismo lingüístico. Os escritores dos dous lados da barreira téñense sentido nalgún momento excluídos polos outros.

**M.P.** *A poesía gozou de moito poder simbólico en Irlanda dende os tempos dos bardos. É a situación actual irlandesa de éxito económico favorábel para a produción e a recepción da poesía? Hai máis poetas agora que poden publicar a súa obra? Asumen as editoriais máis riscos para publicar poetas novos? Hai un público lector máis amplo interesado na poesía?*

145

**M.O'D.** O éxito económico actual é favorábel para a produción de poesía na medida na que hai máis fontes de financiamento para o apoio á creación artística (malia as protestas dos editores que nunca teñen cartos suficientes!). Porén, isto non sempre se traduce na xeración dunha cultura da creatividade. Hai tanta burocracia, tanto papelorio e tanta xustificación por detrás que a verdadeira creatividade corre o perigo de se esvaecer entre as teimas dos administradores das artes por faceren o correcto –é dicir, o que é mellor para as súas carreiras. Aborrezco o clima do politicamente correcto que nos invadiu.

**M.P.** *Tanto Irlanda como Galicia son comunidades pequenas nas que escritores, críticos e editores se coñecen e coinciden en espazos e actividades. Estas redes de relacións facilitan a produción e a recepción crítica da obra literaria ou, pola contra, exercen unha presión nociva sobre os diversos axentes?*

**M.O'D.** Non teño unha opinión particular sobre esta cuestión. Penso que a maioría das comunidades literarias son pequenas, mesmo en Manhattan, e as presións son semellantes!

**M.P.** *Vostede ten expresado nalgunha ocasión as súas reservas sobre a etiqueta “literatura de mulleres”. Cales son na súa opinión os intereses que fabricaron esta etiqueta e cales son, de habelos, os seus efectos adversos? Derívase algunha consecuencia positiva do emprego desta categoría?*

**M.O’D.** Calquera categoría construída para un só sexo paréceme pouco produtiva a longo prazo, mais entendo o necesaria que foi a etiqueta “literatura de mulleres” (e mesmo téñome beneficiado dela como escritora), expresión que probabelmente seguirá a ser necesaria. As miñas reservas fúndanse na resposta, sobre todo dos homes irlandeses, ao que se considera literatura de mulleres –automaticamente considerada un subxénero inferior. Como nunha perversión da cuestión, o feito de que exista a literatura de mulleres como categoría fai posíbel que os críticos misóxinos fagan caso omiso do potencial deste conxunto de obras e pensamento. Con todo, a alternativa –a falta de atención á escrita das mulleres– é obviamente peor. Por suposto que se derivaron consecuencias positivas do uso desta etiqueta. Galvanizou o pensamento e a enerxía de moitas investigadoras, escritoras e intelectuais e facilitou que as mulleres se sentisen máis libres de explorar os temas das súas vidas, experiencias e, claro está, da importante vida interior, sen teren que mirar de esguello a ver se o Gran Irmán daba o seu visto e prace. Por todo isto, estou moi agradecida.

146

**M.P.** *Cal pensa que foi o papel do feminismo na recepción da obra das mulleres? Cre que haberá un día no que a crítica feminista non será necesaria e os textos de homes e mulleres recibirán igual atención e serán valorados nos mesmos termos?*

**M.O’D.** Non podo saber se os textos de homes e mulleres recibirán algún día a mesma atención e serán valorados nos mesmos termos. Hai prexuízos de máis, tanto entre homes como entre mulleres, pois son moitos os que realmente pensan que as mulleres non teñen o pulo necesario ou que a súa bioloxía será sempre un impedimento. Como as mulleres son as principais responsábeis do coidado dos fillos (sobre todo en Irlanda, onde a lexislación sobre o coidado institucional dos nenos é insuficiente e non hai gardarías ou escolas infantís financiadas polo Goberno) e como a maioría das mulleres en realidade desexan implicarse directa e activamente no coidado dos seus fillos, a cuestión do tempo sempre será un impedimento. Sen tempo –que é o que os homes adoitan ter á súa disposición–, sen horas ininterrompidas, e mesmo sen días e semanas de retiro deliberado das ocupacións domésticas, resúltalles difícil a moitas mulleres facer, plenamente e sen atrancos, o tipo de achados que

teñen lugar cando finalmente penetramos no noso mundo interior. Isto non quere dicir que os homes cando escriben non atopen dificultades para acometer o acto de creación. Claro que as atopan (estou a pensar na caótica vida familiar do finado Ted Hughes, quen non é probabelmente o mellor exemplo pero quen, malia todo, asumiu os coidados da familia tras a morte de Sylvia Plath). Polo tanto, á vista deste problema de falta de tempo, penso que precisaremos a presenza da crítica feminista case indefinidamente.

*M.P. Observa se hai algúns temas dominantes na poesía contemporánea irlandesa? Son diferentes daqueles tratados hai cincuenta anos? Os rápidos cambios sociais e tecnolóxicos dos últimos trinta anos fomentaron a incorporación de temas novos? Hai algún tema que a persiga a vostede e que a prema para que o desenvolva na súa poesía?*

**M.O'D.** Os poetas irlandeses seguen a escribir sobre o amor, a perda e a natureza, pero veño observando un maior interese en temas tan diversos como a cosmoxía e a astronomía (Pat Boran), ou a paleontoloxía, a xeoloxía e a antropoloxía (Caitriona O'Reilly), ou mesmo o ambiente administrativo das urbes (Dennis O'Driscoll). Porén, os grandes poemas que nos están a legar os poetas actuais seguen centrándose no folclore e na súa relación co mundo contemporáneo (Nuala Ní Dhomhnaill), ou ben amosan a vida interior no marco dos ciclos naturais e da paisaxe (Kerry Hardie, Paula Meehan) e, por suposto, o propio cambio vese tamén a través das imaxes da casa (Vona Groarke). A resposta de Peter Fallon á paisaxe, á terra, aos cabalos, á perda... amosa de xeito inmillorábel a vitalidade dos grandes temas.

Penso que non son moitos os poetas que están a tratar o tema da idade madura, cuestión na que eu quero profundar e que formará parte do meu próximo poemario cando o remate. O título provisional é *The Ark Builders* e contén varios poemas que examinan aspectos como o da peluxe corporal da muller e os excesivos acicalamentos (visto a través de Frieda Kahlo e en contraposición ao tratamento que ela fai), o *botox* e un personaxe que chamo "Dr. Death", a liberdade que chega coa idade –unha liberdade que tamén nos permite "mirar" realmente os homes que nos atraen ou nos atraeron. Adopto unha certa retranscra sobre o proceso de avellentamento que se peneira sobre todo o poemario, pois xa que o corenta por cento da xente pensa que os que superan os cincuenta anos xa non practican o sexo e arredor dun sesenta por cento cre que as mulleres cincuentonas xa non poden seducir, a conclusión é que pouco

importa o que fagan as mulleres desas idades. Son libres de facer o que lles pareza mellor por mor desta invisibilidade, por triste que sexa. Se a ninguén lle importa a nosa presenza como mulleres maduras que somos, daquela estamos –perversamente– liberadas de moitas barreiras e limitacións.

*M.P. Como están afectando ao mundo literario irlandés as novas tecnoloxías da información (internet, a edición virtual, os blogs literarios, etc.)?*

**M.O'D.** Eu non participo nos *blogs*, mais son moitos os escritores que o fan. Non consigo entender como os escritores poden pasar tanto tempo cos *blogs*; despois de todo, non me parecen máis que *chats* de gamma alta que, por enriba, permiten a todo tipo de xente anónima ventilar as súas mágoas sobre o ben e o mal! Non sei cales son os efectos desta práctica.

*M.P. Galicia decidiu deliberadamente compartir un imaxinario celta con Irlanda, pero teño a impresión de que, no tocante a lazos internacionais, Irlanda semella máis interesada noutros imaxinarios doutros países. Dennis O'Driscoll, por exemplo, ten comentado o interese dos escritores irlandeses pola poesía de Europa do Leste, debido ás dificultades dos escritores para se expresaren en tempos de violencia política. Que outras literaturas estranxeiras están a nutrir a escrita irlandesa?*

148

**M.O'D.** Ás veces, os comentarios de Dennis O'Driscoll sobre o interese dos escritores irlandeses pola poesía de Europa do Leste provócanme un sorriso. Sen dúbida, compartimos dificultades de expresión en tempos de violencia política, pero hai enormes diferenzas entre o que tiveron que aturar os escritores do vello bloque do Leste e o que pasou en Irlanda. En comparación, o noso ambiente era relativamente benigno. Afectounos, é certo, unha recesión severa nas décadas dos setenta e oitenta, o que supuxo que non houbose cartos para publicar ou apoiar novos escritores. A nosa violencia transmitíase de xeración en xeración mediante a opresión exercida por un catolicismo corrompido polo exceso de poder e a súa fixación ridícula coa sexualidade (que oficialmente non podía practicar). Pero a violencia do bloque do Leste foi moi diferente e tivo motivacións políticas. Mesmo as ideas estaban censuradas. En xeral, eu non penso que na nosa poesía se censurasen as ideas, pois a poesía viuse sempre como un medio axeitado para a expresión da vida interior. A nosa fascinación co Leste debíase ao noso deveso por encher estadios de fútbol, segundo as novas que recibiamos sobre os recitais poéticos deles! Canto daríamos por estarmos oprimidos para escribirmos sátiras e que nos recibisen coas

honras e pompas das que gozaban algúns escritores rumanos, por exemplo! Hoxe en día, as literaturas que nos nutren son sen dúbida a francesa, a alemá, a española e a polaca. Sempre tivemos un apego especial pola literatura polaca, en parte pola súa historia de invasión e partición política coa que aínda nos identificamos. Non é coincidencia que os polacos que veñen traballar aquí estean ben integrados, acepten os irlandeses e atopen semellanzas entre as nosas culturas.

**M.P.** *Vostede é membro da prestixiosa academia irlandesa das artes Aosdána. Considera que institucións como esta son flexíbeis e dinámicas abondo para incorporar as voces alternativas? Acaso para que as voces alternativas poidan seguir a selo deben manterse fóra das institucións?*

**M.O'D.** Aosdána, vaia problema! Esta organización da que son membro consiste na afiliación de artistas de disciplinas diversas que se reúnen anualmente co obxectivo de elixir un reducido número de membros novos, así como para discutir as mocións propostas por calquera dos membros. Nos seis ou sete anos que levo alí, téñome sorprendido moito ante a disparidade de intelixencias dentro deste grupo. Algunhas das mocións proveñen de artistas excéntricos e frustrados, incapaces de veren as cousas con miras amplas. Outras mocións son verdadeiramente importantes e reciben un merecido debate (como no caso da continua mobilización do compositor Raymond Deane a favor da cuestión palestina). Realmente penso que deberíamos intervir máis politicamente; Deane é un bo exemplo do artista que tenta introducir cambios útiles. As voces alternativas están ben integradas en Aosdána e así o teño comprobado con artistas de todas as disciplinas. De feito, non é tan importante ser coñecido nos medios de comunicación como selo entre os teus compañeiros artistas. Agora é máis difícil que te admitan na asociación do que o foi no comezo, cando se admitía a case todos os que traballaban nas artes nesta iniciativa do escritor Anthony Cronin. Daquela, el era asesor cultural do Primeiro Ministro Charlie Haughey. Foi un acto de sabia virtude, penso eu, pedirlle ao Estado que crease esta organización que mudou a vida de moitos artistas cos seus, malia que modestos, estipendios.

**M.P.** *Na introdución do seu último poemario The Place of Miracles (2005), vostede emprega a imaxe dos espellos de feira deformantes –imaxe tamén utilizada polo escritor Valle Inclán, nado en Galicia, na súa obra de teatro Luces de Bohemia (1920)– para se referir á distorsión que os escritores fan do reflexo literal da socieda-*

*de. É esta distorsión unha crítica á estética realista? Como conecta o texto literario coa realidade social?*

**M.O'D.** A imaxe dos espellos de feira deformantes que teño na miña introdución non é tanto unha crítica á estética realista como á ideoloxía realista, creo que era iso o que alí quería dicir. Malia hoxe en día moitos irlandeses soste-rían que non se adscriben a ningunha ideoloxía concreta, paréceme que a maioría da xente concorda coa ideoloxía do liberalismo económico creada pola política de dereitas das clases altas. Non debemos en modo algún confiar nesta ideoloxía. O obxectivo de textos literarios como o meu é o de situárense en relación oblicua coa realidade social, do mesmo xeito que eu sempre me posi-cionei en relación oblicua co que pasaba (ás veces tamén no eido das artes, por certo). A nosa función de artistas queda mellor servida se axitamos, distorsio-namos, amolamos, apoiamos, mudamos e, en xeral, poñemos en cuestión o *statu quo* que teima en afirmar que unha árbore é unha árbore, unha casa é unha casa e que as estradas son para conducirmos ou matármonos nelas. Na miña opinión, ningún destes obxectos é o que a realidade di deles, e o papel do artista consiste en se achegar a eles e eleválos a unha dimensión máis pura e interrogadora. Non estou certa de se isto é estética ou ideoloxía!

150

**M.P.** *Nesa mesma introdución –nunha pasaxe que escollín como epígrafe para esta entrevista– vostede afirma que a razón pola que escribe é a necesidade de contestarlle ao mundo. Na súa poesía, é a súa propia voz a que fala a través do eu lírico ou ado-ita suplantando outras voces con puntos de vista moi diferentes dos seus?*

**M.O'D.** En *Reading the Sunflowers in September* (1990), había bastantes poe-mas nos que a voz poética encarnaba puntos de vista moi diferentes do meu: “Cot Death”, “Reading the Sunflowers in September”, “Herald”, “Lament for Babi Yar”, “The Tooth-Fairy”, “Monk in the Outer Hebrides”, “The Old Physician”, “The Storytellers”, “State Pathologist”, “The Healer”, “Wind-Devils”. Non deixa de sorprendeme que esta suplantación de voces fose des-cualificada na *Poetry Review* (Londres) en 1992 por un coñecido poeta irlandés da miña xeración. Recomendábame que deixase de encarnar outras voces con puntos de vista diferentes do meu e que vivise as experiencias. Observei máis dunha vez que se me ten leccionado –na seguinte ocasión por parte dunha muller poeta máis nova– para que me limite á voz lírica do eu e escriba poe-mas sobre a casa, o fogar, os fillos, coa mensaxe de que fique contenta co que me tocou! Pero seguí escribindo “fóra de min mesma”, como nos poemas

sobre Eva do meu segundo poemario. De calquera xeito, toda voz poética que suplanta outras voces garda sempre unha relación co eu, mesmo cando representan posicionamentos diferentes.

Ás veces percibín unha clara presión para que me limitase ao poema lírico curto –ou polo menos sentín que eran eses poemas os que a crítica aprobaba e comprendía–, se cadra porque hai unha tendencia cerebral e de pensamento na miña obra. Hai moitos anos nunha conversación privada, outra poeta irlandesa describiu o meu intelecto como “prohibitivo”, afirmación prohibitiva de seu pero tamén sentida. Non hai unha gran tradición entre nós, os poetas irlandeses, de poemas intelectuais, de ideas, e por algunha razón non temos acometido a nosa historia persoal na poesía do xeito no que si o fixeron outros europeos do continente. As ideas interésanme moito e, na poesía, poden supoñer un desafío que certos lectores non queren asumir. Ninguén fala nunca daqueles poemas meus que persoalmente máis me interesan; por exemplo, “The Library of Silences” que alude a moi variadas referencias culturais, ou ben o poema “Tropical” (sobre a menopausia e o abano de posibilidades desconcertantes e enganosas que se abren ás mulleres neste momento das súas vidas). Isto exaspérame un pouco porque me gusta implicarme nas ideas pero, con todo, semella que certos temas están vedados ou non son axeitados para a exploración poética. A obra doutros poetas de ideas que me interesan –Enzensberger, Bachmann, Hughes, e escritoras como Christa Wolf e a poeta americana Carolyn Kizer– sempre me animou a continuar e a seguir a miña propia natureza.

151

**M.P.** *Cando pon en conxunto os poemas dun poemario, sente a necesidade de lle dar unha coherencia temática ou formal?*

**M.O'D.** Probabelmente teño variado moito en cuestións de coherencia formal ao longo da miña obra. O que facía en libros anteriores era dividilos en seccións, cos poemas de cada sección dialogando entre si. Pero nunca me dixen “ben, o próximo libro vai ser unha reelaboración do *Inferno* de Dante adaptándoo ao contexto actual”, nin tampouco “cada poema deste libro nacerá do precedente”. Penso que actuei así porque a miña vida tivo fases distintas e traballei en períodos fragmentados de tempo, o cal non favoreceu a exploración dun tema a fondo.

Con todo, o poemario novo no que estou a traballar, *The Ark Builders*, xira arredor de dous temas centrais, ou se cadra tres: a muller de idade madura; a

idea dunha sociedade á que Noé abandona deixando os seus habitantes nunha arca, que podería ser, ou non, unha arca de salvación. Este tema xorde da crecente violencia na nosa sociedade e o elevado número de nenos e homes con pais “ausentes”. Os nenos, especialmente, estano a pasar mal na Irlanda de hoxe.

**M.P.** *O título do seu segundo poemario, Spiderwoman’s Third Avenue Rhapsody (1993), é intrigante, como tamén o é o poema que leva ese título. Podería comentar a experiencia que deu orixe a este poema?*

**M.O.’D.** O poema que dá título ao poemario *Spiderwoman’s Third Avenue Rhapsody* foi doado de escribir. Ocorrúeseme tras escoitar *Rhapsody in Blue* de Gerschwin. É un poema cheo de enerxía, como un eco da enerxía desa música (ou iso é o que me gustaría). Todo isto tivo lugar despois da miña primeira visita a Nova York e do encontro con Manhattan. Quedei na casa dunha amiga que estaba daquela moi atarefada, polo que estiven ao meu aire. Non comprendía a rede de rúas e avenidas e non tiña nin idea de onde me dirixía. Saín do metro na rúa 42 e decateime de que non era alí onde quería ir, pero malia todo, o que alí atopei interesoume. Camiñaba cada día durante horas e, alá onde ía, sempre pasaba algo interesante ou vía alguén que me chamaba a atención. Gústame afacerme a un sitio novo ou a unha cidade paseando soa por ela (que foi o que fixen en Santiago despois daquel curso de verán de 2006)<sup>3</sup> e o que me sorprendeu de Nova York foi a súa incríbel beleza, as enormes dimensións, a vitalidade das mulleres de ascendencia irlandesa que coñecín por uns días e os misterios da sociedade multicultural. Cómpre lembrar que Irlanda aínda non era multicultural en 1991. Polo tanto, para escribir o poema precisei dunha voz poética que tivese a axilidade de cubrir moito espazo en pouco tempo, un pouco como Batman, só que quería que fose unha muller. De aí Spiderwoman, a muller araña, quen vai sintonizando con todo o que pasa na cidade e mesmo testemuña os primeiros experimentos literarios de Estados Unidos coa axuda da puritana Anne Bradstreet.

152

---

<sup>3</sup> Mary O’Donnell participou como conferenciante no curso de verán “Estudos de xénero: A literatura en feminino/masculino”, que tivo lugar na Facultade de Filoxía en 2006. A súa conferencia “Irish Women and Writing: Overview of the Journey from Imagination into Print, 1980-2006” serviu de base para o capítulo da escritora no libro M. Palacios e L. Lojo (eds.). (2008, no prelo). *Writing Bonds. Irish and Galician Contemporary Women poets*. Berna: Peter Lang. Os poemas que se reproducen tras esta entrevista naceron desa visita a Santiago en 2006.

Adoitaba ler este poema en recitais. Nunha ocasión, unha norteamericana achegouseme para me dicir que sentira o poema como unha labazada na faciana. Creo que era unha reacción pudibunda de máis á pasaxe sobre a rúa 42. Malia todo, penso que o poema é unha “toma” moi positiva de América dende a perspectiva de alguén que non está afeito a tanta diversidade, enerxía, entusiasmo pola acción e vontade social para mudar.

*M.P. Ademais deses poemarios con tan boa acollida, vostede escribiu novelas de éxito e tamén relatos curtos. Noutra ocasión analizou as diferenzas que supón escribir e publicar estes dous xéneros<sup>4</sup>. Responde a crítica de xeito semellante á súa poesía e á narrativa?*

**M.O.’D.** Os críticos responden de xeito distinto á miña poesía e narrativa, pese a que ás veces comentan sobre a poesía “por suposto, tamén escribe novela, e a súa poesía ten un carácter narrativo”. Igualmente, cando escriben sobre as miñas novelas, comentan que é doado decatarse de que son poeta. En Irlanda, os escritores que practicamos xéneros distintos provocamos verdadeira perplexidade. No meu caso, ser poeta e narradora créalle un dilema á crítica. Coñéceseme sobre todo como poeta, aínda que levo publicado tanta narrativa como poesía. Se non te comprometes estritamente cun xénero, é como se puxesen en cuestión a túa vocación. Pero son moitos os escritores que pasan dun xénero a outro con naturalidade. É algo que me gusta facer e que preciso facer. Hai cousas que só poden escribir en narrativa e outras en poesía. Son escritas diferentes, por suposto, e cando escribo poesía case esquezo totalmente que houbo un día no que escribín narrativa e viceversa.

153

*Manuela Palacios*  
Universidade de Santiago

---

<sup>4</sup> Véxase a entrevista de Mary O’Donnell con Luz Mar González Arias: en M. Palacios e H. González (eds.). (2008, no prelo). “Poemas desde las fronteras del arte: Conversaciones con Mary O’Donnell y Celia de Fréine”, en *Palabras extremas: Poetas gallegas e irlandesas de hoy*. A Coruña: Netbiblo.

## SANTIAGO DE COMPOSTELA<sup>5</sup>

Movemento e silencio, residen aquí. Contés  
o alento, á espreita de cada anaco de teu.  
Os camiñantes troupelean na cidade, extenuados,  
chorosos. Rin e cantan no treito derradeiro,  
cara á Catedral. Curiosa, séguelos a certa distancia,  
un desleixado nó de pernas morenas, capas verdes,  
unha cuncha no peito que declara  
a intención do viaxeiro. Os cravos das botas  
petan na pedra dos chanzos que ascenden, entran logo  
no espazo abovedado. Tras a chegada, o grupo  
espállase. Uns van confesar; outros procuran a Santiago,  
apertan a estatua sen agocharen as bágoas. A pregaría  
é pública. Sen rebozo,  
fan o sinal da cruz e axeónllanse.

154

Pero ti retráeste, un caxato na túa alma  
resístese desde o fondal malia teres vivencias  
que ben podías desenlear co cura, poñendo a proba  
a profundidade da escoita, alargando a morea dos seus segredos.  
No canto diso, paseas entre os piares  
durante a misa, e iso é a felicidade:  
descen as cordas da lenda milagrosa.  
Veste nadando a carón do home que caeu  
pola borda pero alcanzou a costa, cuberto  
dun manto de cunchas; viaxas  
con Santiago polo Oriente Próximo; anotas  
con aceno amigábel os sitios polos que pasou e  
a xente coa que falou. Acompañas o seu corpo,  
na longa ruta ao océano do ocaso.

Nin isto sorprende ao se cumprir a viaxe,  
todo cadra con axeitada feitura. Recoñeces  
entre outras unha das probas: entrar na casa  
en Santiago, nun fondo, elevado espazo,  
onde os estraños son amigos e o silencio érguese  
sobre o movemento incesante. Recolles  
a alma túa, acaróala ao océano.

---

<sup>5</sup> Esta é a primeira vez que se publican os dous poemas de Mary O'Donnell que seguen, tanto na súa versión inglesa como na galega. A tradución dos mesmos foi realizada por Manuela Palacios e Arturo Casas.

## SANTIAGO DE COMPOSTELA

Movement and silence, live here. You hold your breath, await the many parts of yourself. Walkers clatter into the city, exhausted, tearful. They laugh and sing on the final trek, to the Cathedral. Curious, you tail from a distance, an untidy knot of brown legs, green capes, a shell on the breast-bone announcing the traveller's purpose. The studs on their boots clash with stone as they climb steps, then enter the vaulted space. Having arrived, the group scatters. Some for confession; others seek James, embrace the statue, weep openly. Prayer is public. They are not shy to cross themselves and kneel.

Yet you hold back, some rod in your soul runs deep with resistance, though there are instances you could unravel for a priest, testing the deep ear, adding to his store of secrets. Instead, you wander between pillars during Mass, and this is happiness: drawing down ropes of miraculous legend. You see yourself swim with the man who fell overboard, but made his way ashore, draped in a cloak of cockle-shells; you travel with James through the middle-east, noting down, companionably, the ways he went, and who he spoke to. You accompany his body, on the long route to the western ocean.

Once travelled this too is unsurprising and neat, rightness in its trim. You recognise one probation among many: coming home to Santiago, to a deep, high space, where strangers are friends and silence surges through the constancy of movement. You hitch up your soul, carry it closer to the ocean.

## CARA AO IRLANDÉS DESDE GALICIA

Vagas unha mañá polas caellas de Santiago.  
Tarde de máis para voltares ou te agochar,  
decátaste da emboscada. O ataque  
nos teus ouvidos fechados vai alén do murmurio  
da música que flúe e asolaga a *rúa*,  
un rizo dourado de son  
entre as Hébridas e África, atrapado  
na peneira ardente do verán de Galicia.

Aprendiza torpe, serodia, medio cega, xorda ao ton,  
coa lingua irta. Claro que non é culpa túa,  
é cousa das orixes, da fronteira, da vergonza  
por vestires a seda do inglés,  
unha lingua trezada cos ritmos da outra,  
até esta epifanía que sacode os sentidos.

Como en Galway ou en Temple Bar,  
hai rapaces que actúan para os turistas,  
gaitas Uilleann, bodhrán, teimando por conservar  
o son niquelado da alma occidental,  
ritmos resoantes, viraxes do pulso, abaneos de ombreiros,  
música como un estandarte vermello  
alí onde a chuvia disolveu os vellos brasóns. Nas tendas de discos  
nas librarías, guindas a túa lingua nativa  
descontra a deles, coñeces unha poeta galega  
de negra melena até as cadeiras, o nariz  
dunha raíña antiga, segura do que sabe,  
cáseque non contesta ao que lle dis.

Para cando fas a maleta, a túa lingua  
perdeu o seu aquel fachendoso e a seda inglesa,  
turras de palabras novas como un enxame de abellas,  
o aguillón da honra, contaxioso por fin.  
Xa non estás acantoadada contra a maré  
e a buguina dos ouvidos ábrese de vez,  
vellas palabras rolan como area na carne do mexillón,  
tórnanse perlas. Agora es ti o trampolín,  
disposte a que o pelo medre até as cadeiras,  
malia ser pequecho o teu nariz e non teres  
outra cousa que preguntas. Es libre esta mañá en Galicia,

e sábelo, cantas mentres cruzas a Praza da Paz,  
insistes afouta no canto, a lingua liberada  
    enche a túa boca como os himnos fan coas bóvedas  
e, plena, saúdas con melodía exultante,  
    Irlanda a Galicia e regresar de novo:  
*Fáilte, fáilte, fáilte!*

## ROWING INTO IRISH THROUGH GALICIA

One morning you wander the streets of Santiago.  
Too late to turn or hide,  
you recognise an ambush. The raid  
on your closed ear is more than a whisper  
of music spilling, flooding the *rúa*,  
a golden furl of sound  
from the Hebrides to Africa, caught  
in the summer-fired sieve of Galicia.

Slow learner, late learner, half-blind, tone-deaf,  
stiff-tongued. Not your fault of course,  
blame background, the border, the shame  
of dressing in the silk of English,  
one language corded by the rhythms of the other,  
until this epiphanic rush to the senses.

As in Galway or Temple Bar,  
young men perform for tourists,  
*Uilleann* pipes, *bodbrán*, the hard-held  
nickel sound of the western soul,  
barrelling rhythms, wrist-flex, shoulder-roll,  
music like a red banner  
where rain has dissolved old emblems. In music shops,  
book shops, you pit your native tongue  
against theirs, meet a Galician poet  
with black hair to her hips and the nose  
of an ancient queen, full of her knowledge,  
who scarcely answers you.

By the time you pack for home, your tongue  
has lost its proud edge and English silk,  
you lug new words like a swarm of bees,  
the sting of honour, a carrier at last.  
No longer backed up against the tide,  
the shell of your hearing opens,  
old words roll like sand in mussel-flesh,  
grit to a pearl. And you the springboard now,  
ready to grow hair to the hips,  
though your nose is small and you have only  
questions. This morning in Galicia, you are free

and know it, cross the Praza da Paz in a chant,  
repeat it recklessly, your tongue unsprung,  
it fills your mouth like hymns to a vaulted roof  
and filled, you expand, singing out hellos,  
Ireland to Galicia and back again:  
*Fáilte, fáilte, fáilte!*